

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE CAPTACIÓN DE ALUMNADO, ESTUDANTES E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, DO 27 DE XULLO DE 2020, POLA QUE SE DESENVOLVE O ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO, DO 1 DE XULLO DE 2020, POLO QUE SE MODIFICA O ACORDO DO 29 DE ABRIL DE 2020, NO QUE RESPECTA ÁS PRÁCTICAS EN INSTITUCIÓNS OU EN EMPRESAS

Esta instrución ten por finalidade regular o efectivo desenvolvemento do procedemento de solicitude de extensión do período de realización das prácticas académicas externas curriculares da Universidade de Vigo en entidades colaboradoras por parte do alumnado do último curso de titulacións de grao e de mestrado.

No punto sétimo do consello de goberno do 1 de xullo de 2020 modifícase o acordo do 29 de abril de 2020, no que respecta ás prácticas en institucións ou en empresas. Neste acordo indícase que o período de realización e avaliación das prácticas académicas externas curriculares do último curso de titulacións de grao e de mestrado se podería ampliar ata o 11 de decembro de 2020.

Este mesmo acordo dispón, tamén no punto sétimo, que se aplique en tal caso o indicado no punto 4 da Resolución reitoral, do 1 de abril de 2020, sobre as prácticas académicas externas e as bolsas de formación complementaria do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, que permite presentar e defender os traballos de fin de estudos antes de superar o período de prácticas curriculares.

Ademais, de acordo coa Resolución reitoral, do 1 de abril de 2020, as prácticas presenciais pódense considerar como realizadas, e elaborárase a memoria e emitíranse os informes correspondentes para avaliar, sempre que se acadasen os obxectivos formativos básicos destas. Para estes efectos, entenderanse cumpridos estes obxectivos cando as prácticas se realizasen, cando menos, nun 50 % da súa duración. Os créditos restantes completáranse, de ser necesario e se así o indica o centro, con seminarios ou outras actividades. No caso das prácticas obrigatorias nas titulacións que dan acceso a profesións reguladas, haberá que aterse ao que poida establecer para este efecto o Goberno do Estado.

Para os efectos de organización e desenvolvemento da solicitude de extensión do período de prácticas académicas externas curriculares para o alumnado do último curso de titulacións de grao e de mestrado, así como a ordenación da súa cobertura polo seguro escolar e de accidentes, esta vicerreitoría resolve ditar as seguintes



CSV : GEN-bbb9-80ab-7ef4-2d6f-ae57-d573-e3a4-b77e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 27/07/2020 13:42 | NOTAS : F

INSTRUCCIÓN

1. Alumnado destinatario

Estudantes do último curso de titulacións de grao e de mestrado pendentes de realizar prácticas académicas externas curriculares, así como alumnado de programas propios que requiran a realización das prácticas para obter a bolsa (i. e., alumnado beneficiario do programa ONCE ou similares) .

2. Período de realización das prácticas académicas externas curriculares

O período de realización e avaliación das prácticas externas para o alumnado destinatario pódese ampliar ata o 11 de decembro de 2020.

3. Formalización das solicitudes da ampliación do período de realización de prácticas

Co fin de solicitar a ampliación do período de prácticas académicas externas, os coordinadores/as ou titores/as terán que rexistrar o/a estudante interesado/a a través do formulario dispoñible e que pode consultarse no seguinte enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/6113

Neste formulario deberanse indicar os datos persoais do alumnado e titulación a que pertence. Tamén se indicará a súa condición de bolseiro/a, co fin de telo en conta o Servizo de Bolsas da propia Universidade de Vigo.

4. Data límite para o rexistro do alumnado

A data límite para rexistrar o alumnado afectado será o 7 de setembro. Unha vez pasada esa data, remitiráselles a listaxe tanto ás secretarías dos centros aos que pertenza o alumnado coma á axencia de seguros para garantir a súa cobertura.

5. Dilixencias e cobertura das actas por parte dos titores académicos

- Nas actas do mes de setembro, o/a estudante que requira ampliar o período de prácticas ata o 11 de decembro debería figurar como «non presentado».
- Unha vez o/a estudante finalice o período de prácticas externas, o/a titor/a terá que acceder a secretaría do alumnado e facer unha dilixencia para cambiar a nota.

6. Entrada en vigor

Estas medidas de carácter extraordinario entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación.

Vigo, 27 de xullo de 2020

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín
(Asinado electronicamente)



CSV : GEN-bbb9-80ab-7ef4-2d6f-ae57-d573-e3a4-b77e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 27/07/2020 13:42 | NOTAS : F